



Asociación Veciñal do Saviñao . R/ Pardo Bazán nº 1 baixo . 27540 Escairón . O Saviñao . Lugo
asociacionvecinaldosaviniao@gmail.com web : aavvdosavinhao.org/nova

A Asociación Veciñal do Saviñao, inscrita co nº 13651 no rexistro provincial de asociacións e co nº 14 no rexistro municipal, a través da súa presidenta, Celia Ferreiro Riazor, con DNI 33812714 T , diríxese ó Presidente da Deputación Provincial de Lugo coa intención de coñecer a disposición do ente provincial a construción da Residencia para maiores en Escairón.

No conxunto da veciñanza do municipio existe a convicción de que a carencia máis grave do noso municipio é a dotación dunha residencia para maiores e a creación dun centro de día no mesmo edificio, sendo o único concello do territorio Ribeira Sacra no que non existe ningun servizo público que preste atención aos nosos proxenitores.

Despois de tracorridos 8 anos dende a firma do convenio para a construción e xestión dun centro de atención á terceira idade (31 de xaneiro do 2011) por Don José Ramón Gomez Besteiro, Presidente da Deputación Provincial naqueles tempos, e Don Joaquín Gonzalez Gonzalez, alcalde do Saviñao; e despois de executar o organismo provincial a compra dun solar onde ubicar o edificio, non coñecemos a día de hoxe si existe intención de facer efectivo o acordado.

O longo de todo este tempo trascorrido ningunha das dúas partes cumpriron as clausulas acordadas. Nin a Deputación presentou o proxecto no concello, nin rexistrou a solicitude de obra, nin o Concello do Saviñao executou o primeiro pago do total de 200.000 € , condicións incluídas na clausula 5ª. Polo que a inversión acordada quedou en nada.

Nestes meses comprobamos como o ente provincial está retomando o interese pola construción de novas residencias ó longo de toda a provincia, maila que non se menciona a proxectada para o noso concello, polo que consideramos que é o momento de transmitir esta xustificada demanda veciñal, e preguntamos ao responsable máximo da Deputación :

1º. Si existe intención por parte da Deputación Provincial de construír unha Residencia para Maiores e a dotación dun Centro de Día no solar de Escairón comprado para tal fin..

2º. Si aínda está vixente o convenio firmado na data do 31 de xaneiro do 2011 polas dúas partes interesadas, Concello e Deputación, ou si pola contra, hai que elaborar un novo acordo.

Na espera de resposta ás fundadas ansias de ter próximo un imprescindible servizo de asistencia aos nosos maiores, despédese atentamente de vostede a Presidenta da asociación.

Escairón, a 1 de xuño do 2018.



A/A de Don Dario Campos Conde, Presidente da Deputación de Lugo.